



CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

## RESOLUCION

**Nº Expediente: 2024/CONTRAT/000079**

**ASUNTO: ampliación do prazo de presentación de ofertas para a licitación PLAN II 2024 DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS: PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES**

Con data 15 de xullo de 2024, aprobouse por esta Alcaldía o Decreto núm. 2024003701, no que se aproba o expediente para a contratación do “**plan II 2024 de seguros do Concello de Oleiros: protección de riscos en pólizas de accidentes varios, rc embarcacións e rc autoridades**” e se ordena abrir a fase de licitación mediante a publicación de anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Oleiros. Así, os servizos técnicos do Concello publicaron o día 17 de xullo a licitación, establecendo como data límite para presentar as ofertas o 26 de xullo de 2024, e fixando a mesa de contratación para o día 02 de agosto de 2024.

Agora ben, debido á solicitude por parte dun licitador da tradución do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas a castelán, axuntándose ao PLACE o día 24 de xullo, parece conveniente ampliar o prazo de presentación de ofertas.

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Tenencia de Alcaldía mediante Decreto da Alcaldía nº 2023003281, de 21 de xuño,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** rectificar os anuncios de licitación e de pregos da licitación “**plan II 2024 de seguros do Concello de Oleiros: protección de riscos en pólizas de accidentes varios, rc embarcacións e rc autoridades**”, ampliando o prazo de presentación das ofertas ata o 1 de agosto de 2024.

**SEGUNDO.-** Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que,





CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

***En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Primeira Tenente da Alcaldía, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).***

